

Tema 6. O Barroco en Europa. Arquitectura

Especifíquense as características da arquitectura barroca en Europa, con especial atención a Italia, e explíquese a súa evolución.

Menciónense os seguintes autores e as súas obras: Maderno, Bernini, Borromini, Le Vau, Mansart e Le Nôtre.

O Barroco é un estilo que se xesta no século XVI, pero ten o seu esplendor no século XVII. Nace no contexto das loitas entre os Habsburgo e os Borbóns para impoñer a súa hexemonía, a Guerra dos Trinta anos e unha profunda e longa depresión económica que afecta a todos os sectores da economía.

Este contexto de conflitos, fame e miseria ten espacial importancia para a evolución da arte, o auxe das tendencias absolutistas na forma de exercer o poder: os Papas usan a arte para revalorizar o catolicismo contrarreformista e reafirmar o seu propio poder; os monarcas reforman palacios e as grandes capitais fortalecendo a súa imaxe de poder.

O nacemento do Barroco atópase en Roma, desde onde se difundirá con rapidez a toda Italia e logo ao resto de Europa. Podemos considerar caracteres básicos deste estilo: pódese considerar que ten certo elemento propagandístico posto que se asocia aos valores da Contrarreforma e o absolutismo; abandónase o equilibrio renacentista para centrarse na expresividade e o dramatismo; o movemento é esencial en todas as disciplinas (composición abertas, plantas ovaladas...); os contrastes de cores e luces son constantes, desenvolvendo o tenebrismo; os elementos arquitectónicos vólvense monumentais e impactan ao espectador: plantas centralizadas, ordes colosais, uso da columna salomónica, frontóns partido, uso preciso dos focos lumínicos, fachadas telón...créase unha auténtica escenografía nas urbes. E as edificacións se complementan con coidados xardíns e prazas.

Nos seus comezos en Italia o Barroco continúa as formas anticlásicas do estilo manierista, cos grandes referentes como **Miguel Anxo** e con igrexas "modelo" como o *Gesú* de **Vignola**, que en ocasións se considera mesmo un exemplo de Barroco temperán. A influencia destes dous autores vese claramente nas obras dun



Sant' Andrea della Valle
Maderno

dos primeiros arquitectos onde o novo estilo é plenamente recoñecible, que é **Carlo Maderno**, en obras como **Sant'Andrea della Valle**, co ritmo dinámico dos frontóns partidos e os saíntes e entrantes da fachada, ou a continuación do proxecto de San Pedro de Vaticano, coa construción da nave principal e a fachada (1603-1626). Nela o autor intentou ser respectuoso co plan de Miguel Anxo, do que provén a orde xigante que articula a fachada e o interior, pero cambia completamente no exterior a preeminencia visual que tiña a cúpula; para compensar a reducida altura desta monumental fachada engadiu un pano mural a cada lado, o que da maior anchura, e para compensar os volumes abriu grandes vanos en arcos de medio punto o que diminúe a sensación de masa.

Os dous máximos representantes do Barroco romano son **Gian Lorenzo Bernini** e **Francesco Borromini**. Ambos son coetáneos. Con todo, seguen camiños diferentes: Bernini trata de resaltar a función política de Roma, traballando para as grandes familias da cidade ou con encargos pontificios; Borromini terá que conformarse con realizar encargos para diferentes ordes relixiosas.



A obra de **Bernini** parte dunha sólida formación clasicista, pero renova moitos dos seus conceptos estilísticos, sobre todo na orde espacial, apoiado nun singular talento para conseguir efectos ópticos e lumínicos. É o gran escenógrafo do barroco. A súa primeira gran obra é o **Baldachino de San Pedro**. Construído en bronce fundido á “cera perdida” e dourado, foi encargado por Urbano VIII e levantouse como elemento escenográfico para atraer a atención dos visitantes e poñer de relevo o altar maior da basílica. Conseguiu un auténtico foco

de atracción visual coas columnas salomónicas, logo moi habituais no barroco.

Mais a obra máis relevante de Bernini como arquitecto e urbanista é a construción da gran **praza de San Pedro do Vaticano (1656-1657)**. Seguindo o encargo de Alejandro VII, Bernini deseñou a combinación dun espazo trapezoidal cunha planta elíptica (típica forma barroca polo seu carácter “inestable”), con dúas xigantescas columnatas que parten da igrexa e rodean a praza como abrazando aos fieis que se dirixen á basílica. O barroco é unha arte urbanística, que se preocupa por integrar os edificios no espazo da cidade, cousa que Bernini consegue á perfección. Estaba pensado un corpo de peche da elipse que non se chegou a construír, respondía á idea de configurar un espazo illado, como o atrio dunha basílica, e favorecer do efecto sorpresa ao entrar na praza desde as rúas adxacentes. Ese efecto mantívose en certa medida porque o camiñante irrompía na elipse desde as estreitas rúas do burgo medieval, porén coa remodelación e a apertura da Vía da Consolación no século XX o efecto desapareceu.



A obra de **Borromini** representa a antítese da de Bernini. Ao contrario que este, menospreza a tradición clásica e realiza construcións extravagantemente complexas. Bernini monopolizará os encargos máis importantes e contará co favor dos Papas, mentres que Borromini acaba facendo as súas grandes obras en encargos máis modestos, como a da igrexa de **San Carlos das Catro Fontes (1638-41)**. Para solventar as escasas dimensións e a forma irregular do solar onde había que construír, Borromini diseña unha planta irregular que se inscribe nun rombo e que se pecha perimetralmente polos muros “ondulados” en xogo cóncavo-convexo, no que se dispoñen dúas capelas.

A fachada é extremadamente dinámica e ondulante, con elementos cóncavos e convexas, óvalos, cornixas partidas... totalmente independente da configuración interior da igrexa.

O Barroco difundíuse polo resto de Europa pero derivando en diferentes vertentes. Mentres que no leste desenvólvense dun xeito moi exuberante en Francia haberá un certo rexeitamento do decorativismo e dinamismo italiano, polo menos no exterior das edificacións. O chamado clasicismo francés será un arte academicista que ten o seu exemplo máis famoso no **Palacio de Versalles**, de **Le Nôtre, Le Vau e Mansart**. Utilizan a arquitectura civil como emblema e exaltación do poder real, comparte o sentido grandioso e monumental, así como o sentido escenográfico e a creación de grandes eixos perspectivais, neste caso coa racionalidade do xardín de tipo francés. Por outro banda, a linguaxe arquitectónica é sobria, harmónica e repetitiva, onde prima a horizontalidade. A sobriedade contrasta co luxo interior (Galería dos Espellos, Galería Real...).

Estes artigos son unha guía. Sobrepan as palabras prescritas pola CIUG tendo en conta que ao enfrentarse a un exame con todo o temario sempre se esquecen certas cousas.

Tedes que plasmar os vosos coñecementos (vocabulario artístico, artistas, obras...) pero é un artigo divulgativo polo que a redacción ten que axustarse a ese obxectivo (non esquematizedes ou poñades simplemente “listas” de referentes ou conceptos).